

Asociación SimuGal

Rumbo a **GaliMUN**

O Modelo Galego de Nacións Unidas abre as súas portas a centros educativos e asociacións xuvenís. Un espazo de debate, diplomacia e liderado global.





Explora GaliMUN

GaliMUN é o **Modelo Galego de Nacións Unidas**, celebrado os días **20, 21 e 22 de marzo de 2026**, cun formato académico coidado que combina análise rigorosa e compromiso coa realidade internacional.

01

Enfoque propio

Promovemos participación **inclusiva, accesible** e en **galego**, abrindo o modelo a **estudiantado** sen **experiencia previa**.

02

Ubicación

O evento celébrase en **Santiago de Compostela**, no **Centro de Estudos Avanzados** da **USC**, un espazo deseñado para o traballo diplomático.

Que é un Modelo de Nacións Unidas?

01

Procedemento diplomático

Nun MUN créanse dinámicas formais da **ONU** para **debater** problemas actuais e procurar **acordos** viables entre múltiples estados.

02

Habilidades chave

Estas **simulacións** fortalecen **oratoria**, **negociación** e pensamento estratéxico mediante debates estruturados que **imitan** comités e sesións da **ONU**.

03

Preparación

As persoas participantes **investigan** políticas oficiais, redactan **resolucións** e colaboran activamente para afrontar **escenarios** complexos inspirados no funcionamento real da **ONU**.



Un MUN é unha **recreación** educativa da **ONU** onde quen participa **representa** Estados, **debate** desafíos globais e practica **negociación**, **diplomacia** e **análise** crítica.

Simulación académica



A conferencia desenvolverase durante **tres días**, nos que **cada participante representa un país** e **debate** un tema específico, seguindo un **procedemento diplomático** semellante ao real.

- 01** Preparación individual
Cada participante terá que **investigar** a **posición oficial** do país que representa e preparar **argumentos** e **propostas**.
- 02** Debate estruturado
No comité, as delegacións interveñen con **discursos** estruturados, participan en **negociacións** multilateral e **traballan en grupos** reducidos para construír **acordos**.
- 03** Resolución colectiva
O obxectivo do modelo é **redactar** e **aprobar** unha **resolución** final colectiva, que recolla compromisos, **solucións** e recomendacións baseadas no **debate** e na **investigación** previa de cada delegación.

Simulacións universitarias



Os comités **universitarios** reunirán participantes de **educación superior** para analizar cuestións internacionais específicas, representar órganos reais e elaborar respostas diplomáticas.

- 01 **Comisión de Seguridade e Defensa (UE)**
A Comisión de Seguridade e Defensa do **Parlamento Europeo** abordará a **cooperación militar europea** ante ameazas externas.
- 02 **ONU Mulleres**
ONU Mulleres examinará o acceso a **auga, saúde e hixiene menstrual** para **mulleres** en **Gaza** e o uso sistemático da **violencia sexual** como arma de guerra no conflito do **Sudán**.
- 03 **Consello de Seguridade**
O Consello de Seguridade debate a crise do Sáhara Occidental en **1975**, analizando a **Marcha Verde** e buscando respostas inmediatas para conter a tensión entre **Marrocos e España**.

Formación

As persoas participantes recibirán **charlas específicas** nas instalacións da USC, orientadas a explicar en detalle o formato da simulación e as dinámicas propias dos comités.



01

Reglas e procedemento do modelo

Estas sesións abordarán as **reglas** de **procedemento**, os tipos de **debate** e o desenvolvemento das negociacións, garantindo unha **comprensión clara antes da conferencia**.

02

Guías e materiais de apoio

A partir da **segunda quincena de febreiro**, os participantes terán acceso a **guías** e **manuals** que recollerán instrucións metodolóxicas, criterios de preparación e referencias para o traballo previo.

01

Entra na ligazón

Entra a linktr.ee/galimun.conecta e fai clic no primeiro enlace para acceder ao formulario de inscrición.

02

Completa os teus datos

Enche o formulario con **información básica** e indica o **comité** preferido para a túa participación.

03

Realiza o pagamento

Segue as instrucións facilitadas para abonar a **cota de inscrición**. O seu prezo será duns **5 €** por persoa.

04

Obtén o teu acceso

Unha vez confirmado o pagamento, recibirás **materiais, guías e canles oficiais** para prepararte plenamente.

Como participar

As inscricións estarán abertas do **1 de xaneiro** ao **13 de marzo** de 2026. Para calquera dúbida ou consulta, a organización queda á disposición das persoas interesadas a través das canles habituais de contacto.

Agardámoste en marzo!

Grazas polo teu interese. **Contáctanos, pregunta** con liberdade, recibe **apoio** directo, **participa** connosco e contribúe a construír unha **experiencia inesquecible** para toda a comunidade.

linktr.ee/galimun.conecta

galimun.contacto@gmail.com

684 325 744 ou 637 90 82 96